



XUNTA
DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

**INFORME ANUAL 2023 SOBRE
VIOLENCIAS SEXUAIS**

Informe sobre violencias sexuais 2023

Informe elaborado por:

Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero
Consellería de Política Social e Igualdade

Xunta de Galicia
Xullo 2024

Informe anual sobre violencias sexuais

1.	Concepto, contexto e marco legal no ano 2023.	3
1.1.	Concepto de violencia sexual.....	3
1.2.	Contexto e perspectiva europea na protección ante a violencia sexual. 4	
1.3.	Contexto actual en España.....	6
2.	Situación actual sobre a violencia sexual no ano 2023.	7
2.1.	Representación territorial dos delitos contra a liberdade e a indemnidade sexual.....	11
	Análise desagregada das vitimizacións.....	12
	Análise das vitimizacións segundo o perfil das vítimas: tipoloxía penal, sexo e idade.	14
	Análise das vitimizacións segundo a nacionalidade da vítima.....	16
	Análise das vitimizacións segundo o perfil da vítima comparándoo cos grupos de idade.	17
	Análise das vitimizacións segundo o perfil da vítima: relación vítima/autor, sexo e idade.	18
	Análise das vitimizacións segundo o perfil do responsable: tipoloxía penal, sexo e idade.	19
	Análise das vitimizacións segundo o perfil do responsable: tipoloxía penal, sexo e idade.	21
3.	Cifras e evolución de delitos sexuais no conxunto de Galicia no ano 2023. 22	
3.1.	Análise histórica do conxunto de Galicia (2016-2023).	22
3.2.	Análise trimestral do conxunto de Galicia.....	27
3.3.	Análise provincial.....	31
3.4.	Análise local.....	42
4.	Conclusiones.....	49
5.	Bibliografía e fontes de estudo.	51

1. Concepto, contexto e marco legal no ano 2023.

1.1. Concepto de violencia sexual.

De acordo co artigo 178.1 do Código Penal pode definirse a violencia sexual como calquera actividade ou contacto sexual sen consentimento. As condutas desta natureza poden revestir forza física, coaccións ou ameazas e, na maioría de ocasións, poden materializarse por medio de acoso verbal ou actos que atenten contra a integridade física da vítima.

Debido á gravidade que a violencia sexual presenta no noso contexto actual, é posible atopar análises, repercusións e consecuencias en diversos ámbitos da nosa comunidade e sociedade, como son o ámbito legal, o ámbito médico, o ámbito social e incluso económico. Deste modo, podemos atopar diversos significados do concepto "violencia sexual":

Dende o **campo da saúde**, a OMS (Organización Mundial da Saúde) define a violencia sexual como: *"Calquera acto sexual, a tentativa de consumar un acto sexual ou outro acto dirixido contra a sexualidade dunha persoa mediante coacción por outra persoa, independentemente da súa relación coa vítima, en calquera ámbito. Comprende a violación, que se define como a penetración, mediante coerción física ou doutra índole, da vaxina ou o ano co pene, outra parte do corpo ou un obxecto."*

Dende unha **perspectiva político-xurídica**, de acordo co artigo 3 da Lei orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual, enténdese a violencia sexual como *"calquera acto de natureza sexual non consentido ou que condicione o libre desenvolvemento da vida sexual en calquera ámbito público ou privado, incluíndo o ámbito dixital. Considérase engadido no ámbito de aplicación, a efectos estatísticos e de reparación, o feminicidio sexual, entendido como homicidio ou asasinato de mulleres e nenas; vencellado a condutas definidas no seguinte parágrafo como violencias sexuais"*.

"En todo caso considéranse violencias sexuais os delitos previstos no Título VIII do Libro II da Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, a mutilación xenital feminina, o matrimonio forzado, o acoso con connotación sexual e a trata con fins de explotación sexual. Prestarase especial atención ás violencias sexuais cometidas no

ámbito dixital, o que comprende a difusión de actos de violencia sexual, a pornografía non consentida e a infantil en todo caso, e a extorsión sexual a través de medios tecnolóxicos”.

Por último, a **Circular 1/2023, do 29 de marzo, da Fiscalía Xeral do Estado sobre criterios de actuación do Ministerio Fiscal**, trala reforma dos delitos contra a liberdade sexual, considera a violencia sexual como *“unha manifestación específica da violencia de xénero, na medida na que afecta de forma desproporcionada ás mulleres e nalgún caso pode vir causada precisamente por determinadas circunstancias particulares do rol das mulleres na sociedade”*. Sen embargo, cómpre **pormenorizar que, asiduamente, tamén son vítimas de violencia sexual os e as menores de idade de ámbolos dous sexos.**

1.2. Contexto e perspectiva europea na protección ante a violencia sexual.

Toda acción que supoña unha violencia sexual constitúe, por si mesma, unha discriminación e vulneración dos dereitos humanos. É moi habitual que esta conduta atente contra a liberdade sexual de colectivos máis vulnerables: mulleres e nenas/nenos.

A Declaración sobre a Eliminación da Violencia contra a Muller (1993), ratificada na IV Conferencia Mundial sobre as Mulleres (Beijing, 1995), define a violencia contra a muller e sinala que esta violencia inclúe, entre outras, as seguintes formas:

“a) A violencia física, sexual e psicolóxica na familia, incluídos os golpes, o abuso sexual das nenas no fogar, a violencia relacionada coa dote, a violación polo marido, a mutilación xenital e outras prácticas tradicionais que atentan contra a muller, a violencia exercida por persoas distintas do marido e a violencia relacionada coa explotación;

b) A violencia física, sexual e psicolóxica a nivel da comunidade en xeral, incluídas as violacións, os abusos sexuais, a fustrigación e a intimidación sexuais no traballo, en institucións educacionais e noutros ámbitos, a trata de mulleres e a prostitución forzada;

c) A violencia física, sexual e psicolóxica perpetrada ou tolerada polo Estado, onde queira que ocorra”.

A violencia sexual é unha manifestación ou forma de violencia que está presente a nivel global e, polo tanto, tamén a nivel europeo. Por isto, moitas das regulacións en materia de violencia sexual, e as condutas que a integran, emanan de diversos organismos globais e europeos. A continuación cítanse algunhas das contribucións institucionais máis relevantes:

A [Comisión de Dereitos Humanos das Nacións Unidas designou unha Relatora Especial sobre a violencia contra as mulleres e as nenas, as súas causas e consecuencias](#), o 4 de marzo de 1994 (Resolución 1994/45), coa finalidade de executar un mecanismo independente de dereitos humanos que velase pola eliminación de calquera tipo de violencia sobre a muller.

Na mesma liña, nas Nacións Unidas entrou en vigor o 3 de setembro de 1981 a [Convención sobre a eliminación de todas as formas de discriminación contra a muller](#), e na cal se contempla que *“a discriminación contra a muller viola os principios de igualdade de dereitos e respecto da dignidade humana, dificulta a participación da muller, nas mesmas condicións que o home, na vida política, social, económica e cultural do seu país, e constitúe un obstáculo para o aumento do benestar da sociedade e da familia e entorpece o pleno desenvolvemento das posibilidades da muller para prestar servizo ao seu país e á humanidade”*.

O [Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra as mulleres e a violencia doméstica –Convenio de Istambul–](#) recoñece no seu preámbulo a profunda preocupación de mulleres e nenas expostas a formas graves de violencia, como a violencia doméstica, o acoso sexual, a violación ou a mutilación xenital.

Ata principios do ano 2023 o [Convenio de Istambul](#) foi ratificado por 37 partes, correspondentes a 37 Estados. Sen embargo, no mes de xuño de 2023 a Unión Europea ratificou o Convenio de Istambul co preámbulo *“Para vivir na Unión Europea xusta e igualitaria, as mulleres e as nenas deben poder vivir libres de medo, violencia e inseguridade diaria.”*

A ratificación por parte da Unión Europea é garante da aplicación de normas penais mínimas para contrarrestar a violencia de xénero e a violencia doméstica en toda a Unión. Tamén é proba dunha mensaxe de que a **loita contra tódalas modalidades de violencia é unha prioridade**.

En relación co Convenio de Istambul, cómpre mencionar o Grupo de Expertos na Loita contra a Violencia contra a Muller e a Violencia Doméstica do Consello de Europa (GREVIO), un organismo independente de seguimento de dereitos humanos encargado de velar pola aplicación do Convenio.

No ano 2005 ratificouse o [Convenio do Consello de Europa sobre a loita contra a trata de seres humanos, firmado en Varsovia](#), que ten como obxecto a prevención da trata de seres humanos, garantindo a igualdade de xénero e a protección dos dereitos humanos das vítimas de trata, e en virtude do cal se adoptarán as medidas necesarias para o reforzo da coordinación no plano nacional dos distintos organismos responsables de previr e loitar contra a trata de seres humanos.

A un nivel máis global, dentro dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Axenda 2030, o Obxectivo 5, *"Lograr a igualdade entre os xéneros e empoderar a todas as mulleres e nenas"*, sustenta a súa natureza na premisa de que a [igualdade de xénero é un fundamento esencial para a construción dun mundo máis próspero](#). A pesares dos avances das últimas décadas, a igualdade de xénero é un reto que continuará no tempo máis aló da década 2030. As Nacións Unidas aluden á violencia e á explotación sexual como un enorme obstáculo e, por este motivo, unha das metas do obxectivo 5 é (en concreto a meta 5.2.): ***"Eliminar tódalas formas de violencia contra as mulleres e nenas no ámbito público e privado, engadindo a trata e a explotación sexual(...)"***.


1.3. Contexto actual en España.

Coa entrada en vigor da Lei orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual modificouse a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código Penal, nos delitos contra a liberdade sexual, a Lei de axuízamento criminal e a Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores.

2. Situación actual sobre a violencia sexual no ano 2023.

A continuación preséntase un extracto dos datos recollidos polo Ministerio do Interior no Informe sobre Delitos contra a Liberdade Sexual do ano 2023.

- FEITOS COÑECIDOS REXISTRADOS. DATOS ANUAIS




Segundo os datos do Informe sobre delitos contra a liberdade e indemnidade sexual, nos feitos coñecidos rexistrados pódese observar un incremento nos últimos anos, pese ao leve descenso do ano 2020:

- Ano 2017: 11.692
- Ano 2018: 13.782
- Ano 2019: 15.319
- Ano 2020: 13.174
- Ano 2021: 17.016
- Ano 2022: 19.013
- Ano 2023: 21.825

Nos últimos tres anos rexistráronse fortes subidas, en concreto 4.809 casos, 2.812 entre o ano 2022 e 2023, e 1997 entre o ano 2022 e 2021, respectivamente.

• FEITOS COÑECIDOS REXISTRADOS. TIPOLOXÍAS PENAIS



No ano 2023, dos 21.825 delitos sexuais rexistrados, a tipoloxía penal clasifícase do seguinte modo:

- Agresión e abuso sexual: 12.727
- Agresión e abuso sexual con penetración: 4.890
- Pornografía de menores: 909
- Exhibicionismo: 836
- Acoso sexual: 763
- Contacto tecnoloxía menor 16 anos: 739
- Corrupción de menores/ incapacitados: 389
- Delitos relativos á prostitución: 328
- Provocación sexual: 153
- Promoción prostitución novas tecnoloxías: 91


A promoción da prostitución a través de novas tecnoloxías recolle os delitos de distribución/difusión pública por novas tecnoloxías que promoven os delitos de prostitución e os delitos contra a liberdade sexual de menores, tipificados nos artigos 189 bis e 189 ter do Código Penal.

Con todo, este ano 2023 a tipoloxía de provocación é a única que presenta un descenso respecto ao ano inmediatamente anterior. Tódalas demais tipoloxías penais que recolle o informe do Ministerio presentan tendencia alcista este ano.



- FEITOS RECOÑECIDOS REXISTRADOS. Datos mensuais e distribución mensual



- DISTRIBUCIÓN MENSUAL- 2017-2023



• DISTRIBUCIÓN POR LUGAR DE COMISIÓN DOS FEITOS COÑECIDOS



No ano 2023, do total de delitos de carácter sexual (21.825), as principais localizacións onde se consumaron as condutas tipificadas foron as seguintes:

- Vivendas e anexos: 10.945, o 50,15%
- Espazos abertos: 1.383, o 6,36%
- Vías de comunicación: 3.940, o 18,05%
- Instalacións e recintos: 2.805, o 12,85%
- Establecementos: 2.319, o 10,63%
- Medios de transporte: 433, o 1,98%.


Cómpre destacar a suba de 2 puntos porcentuais dende o ano 2021 nas instalacións e recintos e establecementos. Tamén se incrementa a comisión nos medios de transporte en medio punto porcentual (0,50%).

2.1. Representación territorial dos delitos contra a liberdade e a indemnidade sexual.

A continuación recóllense os principais datos desagregados a nivel territorial, presentados en mapas por comunidades e cidades autónomas, seguido das provincias. Os datos correspondentes a Galicia analizaranse en solitario no apartado 3 do presente Informe.

- ANÁLISE POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS.

A representación territorial dos feitos coñecidos reflicte que as comunidades autónomas con maior número de feitos son: Cataluña, Andalucía, Comunidade de Madrid e Comunitat Valenciana.




Dos máis de 20.000 delitos de índole sexual, a porcentaxe por comunidade autónoma (tendo en conta as máis afectadas) é a seguinte:

- Cataluña: 19,98%
- Andalucía: 15,91%
- Madrid: 14,04%

- Comunitat Valenciana: 11,79%
- Canarias: 5,44%
- Baleares: 4,81%
- País Vasco: 4,44%
- Galicia: 4,23%
- Murcia: 1,93%
- Castela- A Mancha: 3,3%

- ANÁLISE POR PROVINCIAS.


As provincias con maior número de delitos de carácter sexual son: Barcelona, Madrid, Valencia, Baleares, Alicante, Málaga, Sevilla e Murcia.



Análise desagregada das vitimizacións.

Neste apartado preséntanse as vitimizacións desagregadas, atendendo aos datos totais anuais, ás tipoloxías penais e aos grupos de idade das vítimas.

- VITIMIZACIÓNS. DATOS ANUAIS



- VITIMIZACIÓNS. TIPOLOXÍAS PENAIS

TIPOLOXÍA PENAL	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
AGRESIÓN Y ABUSO SEXUAL	6.886	8.462	9.512	7.290	10.441	11.735	12.981
AGRESIÓN Y ABUSO SEXUAL CON PENETRACIÓN	2.183	2.754	3.023	2.557	3.627	3.995	4.529
EXHIBICIONISMO	859	762	847	710	752	736	870
ACOSO SEXUAL	384	481	579	504	565	615	821
CONTACTO TECNOLOGÍA MENOR 16 AÑOS	439	530	565	616	574	554	793
DELITOS RELATIVOS A LA PROSTITUCIÓN	311	335	346	366	283	326	583
CORRUPCIÓN DE MENORES/INCAPACITADOS	614	341	477	378	423	406	444
PORNOGRAFÍA DE MENORES	285	254	227	223	210	176	321
PROVOCACIÓN SEXUAL	176	107	130	125	111	188	177
PROMOCIÓN PROSTITUCIÓN NUEVAS TECNOLOGÍAS							61
TOTAL	12.137	14.026	15.706	12.769	16.986	18.731	21.580

- VITIMIZACIÓNS. GRUPOS DE IDADE

GRUPO DE EDAD	%	2017	%	2018	%	2019	%	2020	%	2021	%	2022	%	2023
EDAD DESCONOCIDA	0,7%	91	0,5%	72	0,6%	89	0,5%	59	0,4%	68	0,5%	89	0,5%	110
MENORES	47,0%	5.700	48,1%	6.747	46,2%	7.250	49,1%	6.274	49,0%	8.317	44,5%	8.337	42,6%	9.185
De 0 a 13 años	23,2%	2.816	23,4%	3.277	22,5%	3.527	23,6%	3.015	22,4%	3.805	20,6%	3.857	19,6%	4.238
De 14 a 17 años	23,8%	2.884	24,7%	3.470	23,7%	3.723	25,5%	3.259	26,6%	4.512	23,9%	4.480	22,9%	4.947
DE 18 A 30 AÑOS	27,6%	3.353	28,7%	4.031	28,5%	4.484	27,0%	3.448	28,3%	4.814	31,2%	5.841	31,0%	6.698
DE 31 A 40 AÑOS	11,7%	1.417	10,9%	1.527	11,5%	1.801	11,1%	1.417	10,2%	1.736	11,2%	2.104	11,6%	2.495
DE 41 A 64 AÑOS	11,9%	1.446	10,9%	1.530	12,3%	1.931	11,4%	1.462	11,2%	1.896	11,7%	2.200	13,4%	2.899
DE 65 AÑOS Y MÁS	1,1%	129	0,8%	119	1,0%	151	0,9%	109	0,9%	155	0,9%	160	0,9%	193
TOTAL	100%	12.136	100%	14.026	100%	15.706	100%	12.769	100%	16.986	100%	18.731	100%	21.580


Segundo se indica no informe do Ministerio do Interior, o desenvolvemento evolutivo histórico das vitimizacións ofrece algúns aspectos a ter en conta:

- O primeiro é o incremento de delitos de pornografía de menores que, aínda tendo rexistros moi inferiores a outro tipos de delitos, duplicáronse os rexistros na anualidade 2023 fronte aos datos de 2022.

- O segundo é que, dentro desta nova tipoloxía penal, intégranse o reconto da agresión e do abuso sexual que, anos anteriores, tiñan estatísticas e recontos individuais.
- O terceiro é que os delitos sexuais entre os menores de idade (de 0 a 18 anos) diminúen en 2 puntos porcentuais en comparación ao ano pasado.


Análise das vitimizacións segundo o perfil das vítimas: tipoloxía penal, sexo e idade.

- VITIMIZACIÓNS REXISTRADAS SEGUNDO SEXO



Respecto á distribución por sexo das vitimizacións, móstrase unha proporción onde case 9 de cada 10 son mulleres. Con todo, tanto nos delitos de pornografía de menores, como os relacionados coa provocación sexual, as diferenzas entre sexos tenden a reducirse.

- VITIMIZACIÓNS REXISTRADAS SEGUNDO A IDADE DA VÍTIMA



Para ambos os dous sexos, apréciase maior similitude das vítimas na franxa de idade entre os 14 e os 17 anos. Sen embargo, cómpre destacar como os nenos presentan unha maior porcentaxe ata os 13 anos, porcentaxe á que se achegan as vítimas mulleres na franxa de idade entre os 18 e os 30 anos.

Análise das vitimizacións segundo a nacionalidade da vítima.

>> Nacionalidad de las victimizaciones

Año 2023

	Masculino	Femenino	Desconocido	Total	% sobre total
1.- ESPAÑOLES	2.436	13.478	14	15.928	73,8%
2.- EXTRANJEROS	656	4.986	10	5.652	26,2%
2.1.- ÁFRICA	134	583	1	718	3,3%
MARRUECOS	99	444	0	543	2,5%
ARGELIA	13	41	1	55	0,3%
Resto	22	98	0	120	0,6%
2.2.- AMÉRICA	288	2.690	4	2.982	13,8%
COLOMBIA	105	884	2	991	4,6%
VENEZUELA	28	274	0	302	1,4%
PERÚ	29	271	0	300	1,4%
HONDURAS	21	216	0	237	1,1%
BRASIL	18	161	0	179	0,8%
PARAGUAY	9	138	1	148	0,7%
Resto	78	746	1	825	3,8%
2.3.- UNIÓN EUROPEA	135	1.003	1	1.139	5,3%
RUMANÍA	35	297	0	332	1,5%
FRANCIA	20	128	0	148	0,7%
ALEMANIA	16	110	0	126	0,6%
ITALIA	25	98	0	123	0,6%
PORTUGAL	4	69	0	73	0,3%
BULGARIA	8	58	0	66	0,3%
POLONIA	4	44	1	49	0,2%
Resto	23	199	0	222	1,0%
2.4.- ASIA	24	130	0	154	0,7%
CHINA POPULAR	6	65	0	71	0,3%
PAQUISTÁN	10	12	0	22	0,1%
Resto	8	53	0	61	0,3%
2.5.- RESTO PAÍSES	75	580	4	659	3,1%
TOTAL	3.092	18.464	24	21.580	100%


26,2%

EXTRANJEROS

73,8%

ESPAÑOLES

Distribución porcentual de victimizaciones extranjeras sobre total de extranjeras



O 73,80 % das vitimizacións son persoas nacionais de España, representando un 26,20% das vitimizacións as persoas estranxeiras. Entre as vítimas estranxeiras, as cifras máis elevadas represéntanas vítimas de nacionalidade colombiana, romanese, venezolana e peruana.

Análise das vitimizacións segundo o perfil da vítima comparándoo cos grupos de idade.

- VITIMIZACIÓNS REXISTRADAS SEGUNDO GRUPO DE IDADE

TIPOLOGÍA PENAL	Descon.	Menores	18-30 años	31-40 años	41-64 años	=>65 años	Total
AGRESIÓN Y ABUSO SEXUAL	57	5.208	4.347	1.479	1.749	141	12.981
AGRESIÓN Y ABUSO SEXUAL CON PENETRACIÓN	17	1.422	1.747	657	650	36	4.529
EXHIBICIONISMO	7	754	28	22	55	4	870
ACOSO SEXUAL	7	183	305	123	195	8	821
CONTACTO TECNOLOGÍA MENOR 16 AÑOS	4	687	10	29	63	0	793
DELITOS RELATIVOS A LA PROSTITUCIÓN	14	41	217	174	136	1	583
CORRUPCIÓN MENORES/INCAPACITADOS	2	417	19	0	6	0	444
PORNOGRAFÍA DE MENORES	2	254	15	10	38	2	321
PROVOCACIÓN SEXUAL	0	167	7	1	1	1	177
PROMOCIÓN PROSTITUCIÓN NUEVAS TECNOLOGÍAS	0	52	3	0	6	0	61
TOTAL VICTIMIZACIONES	110	9.185	6.698	2.495	2.899	193	21.580

- VITIMIZACIÓN PORCENTUAL DE VITIMIZACIÓNS POR CADA FEITO DELITIVO

TIPOLOGÍA PENAL	Descon.	Menores	18-30 años	31-40 años	41-64 años	=>65 años	Total
AGRESIÓN Y ABUSO SEXUAL	0,4%	40,1%	33,5%	11,4%	13,5%	1,1%	100%
AGRESIÓN Y ABUSO SEXUAL CON PENETRACIÓN	0,4%	31,4%	38,6%	14,5%	14,4%	0,8%	100%
EXHIBICIONISMO	0,8%	86,7%	3,2%	2,5%	6,3%	0,5%	100%
ACOSO SEXUAL	0,9%	22,3%	37,1%	15,0%	23,8%	1,0%	100%
CONTACTO TECNOLOGÍA MENOR 16 AÑOS	0,5%	86,6%	1,3%	3,7%	7,9%	0,0%	100%
DELITOS RELATIVOS A LA PROSTITUCIÓN	2,4%	7,0%	37,2%	29,8%	23,3%	0,2%	100%
CORRUPCIÓN MENORES/INCAPACITADOS	0,5%	93,9%	4,3%	0,0%	1,4%	0,0%	100%
PORNOGRAFÍA DE MENORES	0,6%	79,1%	4,7%	3,1%	11,8%	0,6%	100%
PROVOCACIÓN SEXUAL	0,0%	94,4%	4,0%	0,6%	0,6%	0,6%	100%
PROMOCIÓN PROSTITUCIÓN NUEVAS TECNOLOGÍAS	0,0%	85,2%	4,9%	0,0%	9,8%	0,0%	100%
TOTAL VICTIMIZACIONES	0,5%	42,6%	31,0%	11,6%	13,4%	0,9%	100%

- DISTRIBUCIÓN PORCENTUAL DE VITIMIZACIÓNS DENTRO DO MESMO GRUPO DE IDADE


TIPOLOGÍA PENAL	Descon.	Menores	18-30 años	31-40 años	41-64 años	=>65 años	Total
AGRESIÓN Y ABUSO SEXUAL	51,8%	56,7%	64,9%	59,3%	60,3%	73,1%	60,2%
AGRESIÓN Y ABUSO SEXUAL CON PENETRACIÓN	15,5%	15,5%	26,1%	26,3%	22,4%	18,7%	21,0%
EXHIBICIONISMO	6,4%	8,2%	0,4%	0,9%	1,9%	2,1%	4,0%
ACOSO SEXUAL	6,4%	2,0%	4,6%	4,9%	6,7%	4,1%	3,8%
CONTACTO TECNOLOGÍA MENOR 16 AÑOS	3,6%	7,5%	0,1%	1,2%	2,2%	0,0%	3,7%
DELITOS RELATIVOS A LA PROSTITUCIÓN	12,7%	0,4%	3,2%	7,0%	4,7%	0,5%	2,7%
CORRUPCIÓN MENORES/INCAPACITADOS	1,8%	4,5%	0,3%	0,0%	0,2%	0,0%	2,1%
PORNOGRAFÍA DE MENORES	1,8%	2,8%	0,2%	0,4%	1,3%	1,0%	1,5%
PROVOCACIÓN SEXUAL	0,0%	1,8%	0,1%	0,0%	0,0%	0,5%	0,8%
TOTAL VICTIMIZACIONES	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%

Análise das vitimizacións segundo o perfil da vítima: relación vítima/autor, sexo e idade.

- % VITIMIZACIÓNS SOBRE O TOTAL REXISTRADAS SEGUNDO SEXO E RELACIÓN CO AUTOR

RELACIÓN VICTIMIZACIÓN / AUTOR	MASCULINO	FEMENINO	DESCONOCIDO	TOTAL
Violencia género / pareja	0,1%	4,6%	0,0%	4,7%
Cónyuge	0,0%	0,4%	0,0%	0,4%
Pareja	0,0%	1,8%	0,0%	1,8%
Expareja	0,1%	2,3%	0,0%	2,4%
Separado/divorciado	0,0%	0,1%	0,0%	0,2%
Violencia familiar exc. VdG y pareja	0,9%	5,4%	0,0%	6,3%
Padre/Madre	0,1%	0,9%	0,0%	1,0%
Hijo/Hija	0,3%	1,9%	0,0%	2,3%
Resto violencia familiar	0,4%	2,6%	0,0%	3,0%
Otras relaciones	1,8%	12,5%	0,0%	14,3%
Conocido/vecindad	0,1%	0,7%	0,0%	0,8%
Amistad	0,5%	3,6%	0,0%	4,0%
Laboral/comercial	0,1%	1,7%	0,0%	1,8%
Escolar	0,4%	1,0%	0,0%	1,4%
Otra relación	0,8%	5,6%	0,0%	6,3%
Ninguna / Desconocida	11,5%	63,1%	0,1%	74,7%

% Victimizaciones sobre cada sexo y relación con el autor



RELACIÓN VICTIMIZACIÓN / AUTOR	Descon.	0 -13 años	14 -17 años	18-30 años	31-40 años	41-64 años	=>65 años	Total
Violencia género / pareja	0,0%	0,1%	0,8%	1,5%	1,1%	1,1%	0,0%	4,7%
Cónyuge	0,0%	0,0%	0,0%	0,1%	0,1%	0,2%	0,0%	0,4%
Pareja	0,0%	0,1%	0,4%	0,5%	0,4%	0,4%	0,0%	1,8%
Expareja	0,0%	0,0%	0,5%	0,9%	0,5%	0,4%	0,0%	2,4%
Separado/divorciado	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,1%	0,1%	0,0%	0,2%
Violencia familiar	0,0%	2,9%	1,8%	1,0%	0,3%	0,3%	0,1%	6,3%
Padre/Madre	0,0%	0,4%	0,3%	0,2%	0,0%	0,1%	0,0%	1,0%
Hijo/Hija	0,0%	1,3%	0,6%	0,3%	0,0%	0,1%	0,0%	2,3%
Resto violencia familiar	0,0%	1,2%	0,8%	0,6%	0,2%	0,2%	0,0%	3,0%
Otras relaciones	0,0%	2,1%	3,5%	4,9%	1,8%	1,9%	0,1%	14,3%
Conocido/vecindad	0,0%	0,2%	0,1%	0,2%	0,1%	0,2%	0,0%	0,8%
Amistad	0,0%	0,4%	1,3%	1,4%	0,5%	0,3%	0,0%	4,0%
Laboral/comercial	0,0%	0,0%	0,0%	0,8%	0,4%	0,5%	0,0%	1,8%
Escolar	0,0%	0,7%	0,6%	0,1%	0,0%	0,0%	0,0%	1,4%
Otra relación	0,0%	0,8%	1,5%	2,3%	0,8%	0,9%	0,1%	6,3%
Ninguna / Desconocida	0,5%	14,5%	16,8%	23,6%	8,4%	10,2%	0,7%	74,7%

Dentro da relación vitimización/autor, destacan as relacións descoñecidas sobre o resto. No caso de vitimizacións de mulleres, as que posúen unha relación familiar,

incluídas as de parella/ex-parella, chegan a representar o 11,7% dos casos coñecidos. Por idades e tipo de relación, obsérvanse situacións dispares, xa que, na violencia familiar, os menores de idade son os máis preponderantes, mentres que, nos casos doutras relacións, predominan as vitimizacións de 18 a 30 anos.

Dentro da relación vitimización/autor, destacan as relacións descoñecidas sobre o resto.

No caso das vitimizacións no ámbito da violencia familiar, apréciase que os fillos e as fillas entre 0 a 13 anos son os que representan a maior porcentaxe, cun 1,3% sobre o 6,3%.


Análise das vitimizacións segundo o perfil do responsable: tipoloxía penal, sexo e idade.

- DETENCIONES/INVESTIGADOS SEGUNDO SEXO

TIPOLOGÍA PENAL	Masculino	Femenino	Desconocido	Total
AGRESIÓN Y ABUSO SEXUAL	7.743	489	0	8.232
AGRESIÓN Y ABUSO SEXUAL CON PENETRACIÓN	2.986	174	0	3.160
PORNOGRAFÍA DE MENORES	626	23	0	649
EXHIBICIONISMO	526	37	0	563
DELITOS RELATIVOS A LA PROSTITUCIÓN	166	181	0	347
ACOSO SEXUAL	334	11	0	345
CONTACTO TECNOLOGÍA MENOR 16 AÑOS	187	26	0	213
CORRUPCIÓN MENORES/INCAPACITADOS	169	22	0	191
PROVOCACIÓN SEXUAL	43	3	0	46
PROMOCIÓN PROSTITUCIÓN NUEVAS TECNOLOGÍAS	21	0	0	21
TOTAL DETENCIONES / INVESTIGADOS	12.801	966	0	13.767

DISTRIBUCIÓN PORCENTUAL DE DETENCIONES / INVESTIGADOS			
AGRESIÓN Y ABUSO SEXUAL	94%	6%	
AGRESIÓN Y ABUSO SEXUAL CON PENETRACIÓN	94%	6%	
PORNOGRAFÍA DE MENORES	96%	4%	
EXHIBICIONISMO	93%	7%	
DELITOS RELATIVOS A LA PROSTITUCIÓN	48%	52%	
ACOSO SEXUAL	97%	3%	
CONTACTO TECNOLOGÍA MENOR 16 AÑOS	88%	12%	
CORRUPCIÓN MENORES/INCAPACITADOS	88%	12%	
PROVOCACIÓN SEXUAL	93%	7%	
PROMOCIÓN PROSTITUCIÓN NUEVAS TECNOLOGÍAS	100%		
TOTAL			93%


- IDADE DOS RESPONSABLES



De novo, para ambos sexos, a franxa de idade entre os 41 e os 64 anos recolle o maior número de responsables, seguido da franxa entre os 18 e os 30 anos.

Análise das vitimizacións segundo o perfil do responsable: tipoloxía penal, sexo e idade.

	Masculino	Femenino	Desconocido	Total	% sobre total
1.- ESPAÑOLES	8.019	612	0	8.631	62,7%
2.- EXTRANJEROS	4.782	354	0	5.136	37,3%
2.1.- ÁFRICA	1.475	32	0	1.507	10,9%
MARRUECOS	975	26	0	1.001	7,3%
ARGELIA	163	1	0	164	1,2%
Resto	337	5	0	342	2,5%
2.2.- AMÉRICA	1.914	216	0	2.130	15,5%
COLOMBIA	536	64	0	600	4,4%
PERÚ	265	18	0	283	2,1%
ECUADOR	224	12	0	236	1,7%
VENEZUELA	162	18	0	180	1,3%
HONDURAS	117	26	0	143	1,0%
BOLIVIA	122	8	0	130	0,9%
Resto	488	70	0	558	4,1%
2.3.- UNIÓN EUROPEA	806	73	0	879	6,4%
RUMANÍA	319	25	0	344	2,5%
FRANCIA	86	12	0	98	0,7%
ITALIA	88	8	0	96	0,7%
ALEMANIA	63	5	0	68	0,5%
PORTUGAL	46	8	0	54	0,4%
BULGARIA	50	2	0	52	0,4%
HOLANDA	33	1	0	34	0,2%
Resto	121	12	0	133	1,0%
2.4.- ASIA	312	11	0	323	2,3%
PAQUISTÁN	153	0	0	153	1,1%
CHINA POPULAR	41	8	0	49	0,4%
Resto	118	3	0	121	0,9%
2.5.- RESTO PAÍSES	275	22	0	297	2,2%
TOTAL	12.801	966	0	13.767	100%



O 62,7% das persoas responsables son nacionais de España. Respecto ás de nacionalidade estranxeira, que representan un 37,3%, destacan as de Marrocos, Colombia e Romanía, que presentan as cifras máis altas, aínda que, pola zona de procedencia, as que presentan un maior volume entre os estranxeiros serían os do continente americano.

3. Cifras e evolución de delitos sexuais no conxunto de Galicia no ano 2023.

No seguinte apartado realízase unha análise dos delitos sexuais rexistrados no territorio galego. Tódolos datos cuantitativos e estatísticos que se atopan nos seguintes apartados teñen a súa fonte bibliográfica no Balance Trimestral de Criminalidade, elaborado e publicado polo Ministerio do Interior (datos 2023 non consolidados no momento de realizar o informe¹): <https://estadisticasdecriminalidad.ses.mir.es/publico/portalestadistico/balances.html>

Os datos están constatados segundo as cifras de rexistros polo que, en ningún caso, deben considerarse como representación total dos delitos sexuais cometidos ao longo do ano 2023.

3.1. Análise histórica do conxunto de Galicia (2016-2023).

A continuación efectúase unha análise sobre a evolución histórica dos delitos sexuais na Comunidade Autónoma de Galicia dende o ano 2016 ata o ano 2023². Esta síntese

¹ Pódese advertir algunha diferenza nos datos de 2022 recollidos neste informe e no Informe de violencias sexuais no ano 2022, debido a que no momento da elaboración e presentación do Informe do ano 2022 non se dispoñía dos rexistros en termos consolidados. Por iso, neste informe da anualidade 2023 contémpanse os datos consolidados do ano 2022 e os datos pendentes de consolidación da anualidade 2023.

² Os datos analizados neste Informe nos apartados 2 e 3 foron extraídos, respectivamente, das seguintes fontes:
-Por unha banda, os datos do apartado 2 foron recompilados do Informe sobre Delitos contra a Liberdade Sexual en España, publicado polo Ministerio do Interior.


Segundo a metodoloxía empregada no Informe Anual do Ministerio, compútanse como delitos contra a liberdade sexual aquelas condutas que se enmarcan nas tipoloxías penais do Título VIII, Libro II do Código penal, sendo estas as seguintes:

- agresión e abuso sexual (*): artigos 178, 181, 183.1 e 183.2
- agresión e abuso sexual con penetración (*): artigos 179 e 182
- delito contacto mediante tecnoloxía <16 anos remates sexuais: artigos 183 ter, 189 bis
- acoso sexual: artigo 184
- exhibicionismo: artigo 185, 189 bis
- provocación sexual: artigo 186, 189 bis
- corrupción de menores/persoas con discapacidade: 183 bis, 189 bis
- delitos relativos á prostitución: artigos 187 e 188, 189 bis
- pornografía de menores: artigo 189.1, 2, 3, 4, 5, 189 bis
- distribución/difusión pública novas nntt promoción delitos contra prostitución e liberdade sexual de menores: artigo 189 bis, 189 ter.

(*)Os delitos de abusos sexuais compútanse ata a reforma do Código penal introducida pola Lei Orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual. A partir de dita reforma, desaparece ou tipo penal de "abuso sexual", quedando subsumido no tipo penal de "agresión sexual".

-Doutra banda, os datos correspondentes ao apartado 3 foron extraídos do Balance Trimestral de Criminalidade, que analiza: 1) agresión sexual con penetración (art 179), e 2) resto de delitos contra a liberdade e indemnidade sexual (Título VIII CP). Con todo, nesta recompilación do Balance Trimestral exclúense, en todo caso, aqueles delitos

sobre o conxunto de delitos sexuais rexistrados realizarase dende dúas perspectivas: **trimestral e anual.**



Gráfica 1. Histórico de delitos sexuais anuais rexistrados en Galicia (2016-2023)

No gráfico anterior pode apreciarse que o rexistro de delitos sexuais na comunidade galega mantivo unha progresión á alza dende o inicio do período. Como excepción, cabe destacar unha baixada dos rexistros entre a anualidade 2019 e 2020. Dita excepcionalidade pode estar asociada coa declaración do estado de alarma a consecuencia da pandemia da COVID-19, que supuxo alteracións, restricións e modificacións na contorna social: limitacións de horarios, sistemas de aforo ou toque de queda, entre outros.

No ano **2021 rexistráronse un total de 619 casos** que, se ben non alcanzan as cifras pre COVID (634), xa superan ás cifras do ano 2020 (554). Cabe sinalar que, neste ano 2021, na comunidade galega chegaron a reactivarse, por períodos temporais, **algunhas das limitacións e restricións xa postas en marcha no ano 2020.**

asociados á cibercriminalidade, entendendo como tal aquelas infraccións de carácter penal que son cometidas por medio ciber; en concreto, os delitos de abusos con fins sexuais cometidos a través de Internet ou outros medios de telecomunicación a menores (Artigo 183 ter CP).


A incorporación e/o exclusión dos delitos vinculados á cibercriminalidade na recompilación de datos provocou que exista unha diferenza numérica entre os delitos rexistrados Galicia no apartado número 2 deste Informe, baseado no Informe Anual do Ministerio do Interior (e que ascenden a 924), fronte aos delitos analizados no apartado 3, que reflicten os datos do Balance Trimestral de Criminalidade (e que suman un total de 811). Respecto destes últimos, procédese a realizar unha análise a nivel provincial e local (sete grandes cidades galegas) neste apartado do Informe.

O maior acrecentamento deste período xorde neste último ano 2023. Os rexistros da anualidade 2023 contabilizan 163 rexistros máis que no ano anterior 2022.

	1º trimestre	2º trimestre	3º trimestre	4º trimestre	ACUMULADO
2016	81	118	128	107	434
2017	97	153	113	96	459
2018	112	130	154	144	540
2019	147	166	180	141	634
2020	134	118	155	147	554
2021	132	192	195	100	619
2022	148	196	161	144	649
2023	192	206	204	209	811

Táboa 1. Rexistros totais e trimestrais na comunidade galega (2016-2023).

A continuación, analízase a conduta que seguen os **rexistros nos diferentes trimestres do ano**.



Gráfica 2. Histórico de delitos sexuais por trimestres en Galicia (2016-2023).

Como pode observarse na gráfica nº 2, a anualidade 2023 supuxo o máximo rexistro de delitos sexuais dos últimos oito anos.

A tendencia de rexistros dos delitos sexuais sofre variacións ao longo de tódalas anualidades. Deste modo, nos primeiros dous anos de rexistro (2016-2017), detéctase unha **variabilidade significativa entre os meses de outono e inverno** (1º trimestre e 4º trimestre) e **os meses de primavera e verán** (2º trimestre e 3º trimestre). É dicir,

apréciase un maior impacto do rexistro de delitos sexuais nos meses estivais, que coinciden cos meses de períodos vacacionais.

Co avance dos anos apréciase que no ano 2018 ten lugar un incremento dos rexistros no 4º trimestre, e no ano 2019 xa se amosa unha maior similitude de rexistros entre tódolos trimestre do ano.


De novo, o ano 2020 está marcado pola chegada da COVID-19 e a proclamación do estado de alarma en todo o territorio nacional. Este feito debe ser tido en conta, xa que a liberdade de circulación viuse restrinxida durante varios meses. **Aínda así, no último trimestre do ano 2020 pode apreciarse o maior rexistro de delitos sexuais ata ese momento.**

Por outro lado, no ano 2021, apréciase un aumento significativo dos rexistros de delitos sexuais, con especial atención ao 2º trimestre, con 192 casos, e 3º trimestre, con 193 casos. **O total de delitos sexuais rexistrados neste ano 2021 ascendeu a 619, cifra que representa case dous delitos sexuais por día (en concreto 1,7).**

Unha das particularidades que está presente nas anualidades 2021 e 2022 é a baixada significativa dos casos nos meses de outubro, novembro e decembro, **posto que en ningún caso superan os 100 rexistros por trimestre.**

Por último, sobre o total, **a anualidade 2023 presenta patróns moi característicos, que "rompen" coas progresións trimestrais das anualidades anteriores.** En concreto, entre o trimestre con menor número de rexistros de delitos sexuais (1º trimestre) e o trimestre con maiores rexistros (4º trimestre), **dáse apenas unha variación de 17 casos.**

Gráfica 3. Histórico de delitos sexuais en Galicia no período 2016-2023 segundo trimestres.



A continuación **preséntanse os datos acumulativos de delitos sexuais rexistrados no ano 2022 e no ano 2023**. Neste sentido, o número de rexistros incrementouse en case 200 casos, sendo as provincias da Coruña e de Pontevedra as que reflicten unha maior suba dos delitos sexuais.

Delitos contra a liberdade sexual – 2022	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	TOTAL
TOTAL	264	62	97	226	649

Delitos contra a liberdade sexual – 2023	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	TOTAL
Agresión sexual con penetración	78	24	23	76	201
Resto de delitos contra a liberdade sexual	245	62	81	222	610
TOTAL	323	86	104	298	811

Por outro lado, o ano 2023 reflexa un patrón no que se aumentaron os rexistros de delitos sexuais e alcanza o máximo histórico dende o ano 2016 en tódolos trimestres. Ademais, non se reflicten grandes cambios nas tendencias de rexistros entre períodos, pois a **media é de 202 rexistros por trimestre**:

- 1º trimestre: 192
- 2º trimestre: 206
- 3º trimestre: 204
- 4º trimestre: 209

3.2. Análise trimestral do conxunto de Galicia.


Nos seguintes apartados realízase unha comparativa dos datos trimestrais do ano 2023, en contraposta cos datos consolidados da anualidade anterior, 2022. Con carácter previo ao comezo desta análise é relevante ter en conta as modificacións legislativas dos últimos anos e tamén concretar cales son as variables que se teñen en conta nas enquisas e información estatística.

Así, no caso do Balance Trimestral de Criminalidade do Ministerio do Interior, puntualízase que naqueles casos nos que neste informe se fale de “agresión sexual con penetración” haberase de considerar o antigo tipo penal de “agresión sexual con penetración” así como o antigo tipo penal de “abuso sexual con penetración”. Por outro lado, englóbanse nunha única categoría tódolos demais tipos penais con compoñente sexual que atenten contra a liberdade sexual.

Xaneiro- marzo 2022 vs 2023 Galicia

En cifras totais, apréciase como no 1º trimestre do ano aumentaron as agresións sexuais e outro tipo de delitos que vulneran a liberdade sexual con respecto ao mesmo período do ano 2022. En termos xerais, o reporte de agresións e outras condutas que atentan contra a liberdade sexual incrementouse no 1º trimestre no ano 2023 en comparativa ao ano anterior.

Sen embargo, no aumento de rexistros do ano 2023, é máis significativa a suba doutros delitos contra a liberdade sexual que as agresións e abusos sexuais.




Gráfica 4. Comparativa delitos sexuais no 1º trimestre (2022-2023)

Abril-xuño 2022 vs 2023 Galicia

Entre os meses de abril e xuño do ano 2023 apréciase na comunidade galega un número de agresións sexuais que, aínda superando a cifra do trimestre anterior, diminúe respecto dos resultados trimestrais do ano 2022. Neste caso, Galicia tivo no 2º trimestre do 2022 un total de 50 episodios rexistrados de agresións sexuais, fronte aos 46 do ano 2023.


Por outro lado, todos os demais delitos contra a liberdade sexual manteñen unha tendencia á alza. En concreto, rexístranse 14 casos máis en comparativa co segundo trimestre do ano 2022.



Gráfica 5. Comparativa delitos sexuales no 2º trimestre (2022-2023)

Xullo-setembro 2022 vs 2023 Galicia

Respecto do terceiro trimestre do ano 2023, pode atoparse unha suba considerable de rexistros, tanto de agresións sexuais coma doutros delitos que atentan contra a liberdade sexual. En concreto, rexístranse 15 casos máis de agresión e 14 delitos máis contra a liberdade sexual.




Gráfica 6. Comparativa delitos sexuales no 3º trimestre (2022-2023)

Como xa se verá máis adiante, durante o ano 2023 os meses de verán non contemplan o maior número de rexistros de agresións sexuais, feito que si aconteceu no ano 2022.

Outubro- decembro 2022 vs 2023 Galicia

No último trimestre do ano 2023 cómpre destacar o considerable incremento de rexistros de agresións sexuais na comunidade galega. En concreto, detectáronse 31 casos máis que no ano 2022, **sendo o trimestre con maior número de agresións de toda a anualidade.**


No resto de delitos contra a liberdade sexual, se ben non é a cifra máis alta de todo o ano 2023, si que é o trimestre que reflexa unha maior distancia no número de rexistros en contraposición co trimestre do ano pasado. Neste caso, aumentan en 48 os demais delitos que atentan contra a liberdade sexual.



Gráfica 7. Comparativa delitos sexuais no 4º trimestre (2022-2023)

Casos acumulados de agresións sexuais e delitos contra a liberdade sexual. 2022 vs 2023 Galicia

A análise previa por trimestres no ano 2023 permite obter unha perspectiva xeral dos delitos sexuais cometidos en Galicia. O rexistro dos casos representa as cifras máis altas dos últimos anos, tanto nas agresións sexuais como nos demais tipos delituosos.



Gráfica 8. Delitos sexuais en Galicia (2022-2023)

Dende o ano 2022 ao ano 2023 o número de agresións ou abusos sexuais que supoñen un acceso por vía anal, vaxinal ou bucal **aumentaron nun total de 46 delitos, un 22% dos rexistros de 2023.**

Sobre o conxunto dos demais tipos penais que ameazan a liberdade e a integridade sexual, detéctase unha elevación dos rexistros; fronte aos 494 do ano 2022, **a comunidade galega finaliza o ano 2023 cun total de 610 delitos** que atentan contra a liberdade sexual.

3.3. Análise provincial.


A análise provincial desagregará os datos en catro apartados, un por cada provincia do territorio galego. Do mesmo xeito que en apartados anteriores, realizarase unha distinción entre os delitos de agresión sexual con penetración (entendendo como tal tamén os casos de abusos) e, doutro lado, todos os demais delitos contra a liberdade sexual. De novo, a presente información cuantitativa e gráfica ten como fonte bibliográfica os datos do Informe de Balance de Criminalidade do Ministerio do Interior do ano 2023.

1. A Coruña

Xaneiro a marzo

No 1º trimestre do ano 2022 os rexistros de delitos sexuais sumaban un total de 57. No ano 2023 o rexistro de delitos sexuais incrementou ata chegar aos 81, en total, 24 casos máis.


Entre estes 24 rexistros máis de delitos sexuais, o 75% corresponden a outros delitos contra a liberdade sexual (18) e o restante 25% corresponde a 6 casos de agresións ou abusos sexuais nos que se apreciou penetración.



Gráfica 9. Comparativa delitos sexuais no 1º trimestre. A Coruña (2022-2023)

Abril a xuño

Entre os meses de abril e xuño do ano 2023 móstrase unha baixada relevante do número de agresións ou abusos sexuais con penetración; en concreto, fronte aos 25 casos de 2022, no ano 2023 rexístranse 12 casos. Pola contra, o resto de delitos que atentan contra a liberdade sexual aumentan os seus rexistros en 10 casos, cun total de 67. Aínda coa rebaixa considerable de agresións sexuais na metade, o total de cifras do 2º trimestre deste ano 2023 (79) está moi preto do total da anualidade 2022 (82).




Gráfica 10. Comparativa delitos sexuales no 2º trimestre. A Coruña (2022-2023)

Xullo a setembro

No terceiro trimestre a relación de agresión sexuais mantén as cifras case idénticas á anualidade 2022, pois o número de agresións detectadas é tan só un caso menos.

Pola contra, entre os meses de xullo e setembro, as cifras de delitos contra a liberdade sexual distintos da agresión ou do abuso con penetración increméntanse en 13 casos, tendo a provincia da Coruña un total de 47 casos no 3º trimestre.




Gráfica 11. Comparativa delitos sexuales no 3º trimestre. A Coruña (2022-2023)

Outubro a decembro

Na comparación do último trimestre obsérvase un cambio relevante nos rexistros de agresións sexuais ou abusos sexuais con penetración. Neste caso, ata este trimestre recoñécese unha baixada dos casos fronte aos rexistros de 2022. Sen embargo, nos últimos tres meses os datos de agresións sexuais supoñen o dobre que o ano anterior: 12 casos no ano 2022 e 25 casos no ano 2023.

Con relación ao resto de delitos sexuais, manteñen a tendencia rexistrada nos trimestres anteriores e o ano 2023 reflicta unha maior incidencia (74) que o ano 2022 (51).




Gráfica 12. Comparativa delitos sexuais no 4º trimestre. A Coruña (2022-2023)

2. Lugo


Xaneiro a marzo

Na provincia de Lugo os rexistros do 1º trimestre amosan cambios que non son excesivamente significativos. No caso dos delitos sexuais, houbo un aumento de 4 rexistros máis que no ano 2022. Sen embargo, cómpre destacar que, desta suba, 3 dos 4 rexistros foron a causa de agresións sexuais ou abusos con penetración.



Gráfica 13. Comparativa delitos sexuales no 1º trimestre. Lugo (2022-2023)

Marzo a xuño




Gráfica 14. Comparativa delitos sexuales no 2º trimestre. Lugo (2022-2023)

No 2º período do ano as estatísticas amosan unha suba das agresións sexuais, concretamente, **4 rexistros** máis que no ano 2022, e unha rebaixa dos demais delitos contra a liberdade sexual, ata chegar a 13 casos no ano 2023.

Xullo a setembro

No 3º trimestre do ano 2023 apréciase unha suba nos rexistros de delitos con penetración, como é o caso da agresión ou do abuso. Tamén se incrementa a incidencia do resto de delitos que atentan contra a liberdade sexual.




Gráfica 15. Comparativa delitos sexuales no 3º trimestre. Lugo (2022-2023)

Aínda que o incremento non é tan significativo como noutras provincias, en termos cuantitativos o 3º trimestre do 2023 rexistra un total de 25 violacións á liberdade sexual, fronte aos 20 casos do ano 2022.

Outubro a decembro

Na provincia de Lugo, no último trimestre no ano 2023 houbo 13 rexistros máis de delitos de violencia sexual que no último trimestre do ano 2022. Neste caso, os delitos sexuais con penetración incrementáanse en 3 casos e os 10 restantes son outra tipoloxía de delitos.




Gráfica 16. Comparativa delitos sexuales no 4º trimestre. Lugo (2022-2023)

3. Ourense

Xaneiro a marzo

O 1º trimestre da anualidade 2023 na provincia de Ourense non presenta cambios significativos fronte ao 2022. En concreto, o número de agresións sexuais ou abusos sexuais con penetración manteñen a cifra en 5 casos.

O incremento, aínda que non substancial, procede do resto de delitos que atentan contra a liberdade sexual. Dos 15 casos rexistrados no ano 2022, o 1º trimestre do ano 2023 pecha con 22 rexistros, 7 máis que o trimestre do ano pasado.




Gráfica 17. Comparativa delitos sexuais no 1º trimestre. Ourense (2022-2023)

Abril a xuño

Durante os meses de abril a xuño o rexistro de delitos sexuais con penetración diminúe ata só 2 casos nestes tres meses.

Neste trimestre, todos os demais delitos contra a liberdade sexual manteñen a mesma liña que o ano anterior, xa que tan só se reduce un único caso, pasando de 23 casos no ano 2022 a 22 casos no ano 2023.




Gráfica 18. Comparativa delitos sexuales no 2º trimestre. Ourense (2022-2023)

Xullo a setembro

Durante o 3º trimestre da anualidade 2023 increméntanse os delitos sexuais.

Se ben as cifras de agresións sexuais rexistradas presentan incrementos, a provincia de Ourense representa una realidade "similar" á de Lugo, pois, a pesar de elevarse os rexistros, non se atopan grandes diferencias entre unha e outra anualidade, como ocorre na provincia de Coruña ou de Pontevedra.

En concreto, no ano 2022 rexístranse un total de 17 delitos contra a liberdade sexual, fronte ao ano 2023, no que os rexistros ascenden a 23.




Gráfica 19. Comparativa delitos sexuales no 3º trimestre. Ourense (2022-2023)

Outubro a decembro

No último trimestre do ano, a totalidade de rexistros, tanto nos casos de agresión sexual como dos demais delitos contra a liberdade sexual, presentan cifras moi similares entre o ano 2022 e ano 2023.

Aumentan en 2 rexistros os casos de agresións e abusos sexuais con penetración, fronte aos demais delitos, que se reducen nun único caso, pasando dos 21 casos de 2022 a 20 casos no ano 2023.




Gráfica 20. Comparativa delitos sexuais no 4º trimestre. Ourense (2022-2023)

4. Pontevedra

A nivel provincial, tendo en conta só datos estatísticos, apréciase que a provincia de Pontevedra é a segunda provincia da comunidade galega con maiores rexistros de delitos contra a liberdade sexual, só por debaixo da provincia da Coruña. En concreto, destacar que, no que ás agresións e abusos sexuais con penetración se refire, Pontevedra tan só recolle 2 casos menos que A Coruña.

Xaneiro a marzo


No 1º trimestre do ano apréciase una diminución de rexistros das agresións e abusos con penetración, rexístranse un total de 8 casos entre xaneiro e marzo, fronte aos 13 da anualidade 2022. Pola contra, o resto de delitos incrementáronse en 14 casos, ata chegar aos 58 rexistros.



Gráfica 21.Comparativa delitos sexuais no 1º trimestre. Pontevedra (2022-2023)

Abril a xuño

Mantendo a tendencia das demais provincias, no 2º trimestre a provincia de Pontevedra rexistra 9 casos máis de agresión ou abuso con penetración, cun total de 25 rexistros. A mesma tendencia acádase nos demais delitos, que, se ben incrementan en menor proporción, ascenden dende os 51 do ano 2022 ata os 58 no ano 2023.




Gráfica 22.Comparativa delitos sexuais no 2º trimestre. Pontevedra (2022-2023)

Xullo a setembro

O cómputo de agresións con penetración en Pontevedra no 3º trimestre supón a **suba máis significativa de agresión sexuais en todo o ano 2023** tendo en conta as cifras das catro provincias. No ano 2022, entre os meses de xullo e setembro,

tan só se rexistraron dous casos de agresión, sen embargo, no ano 2023, o total de rexistros foi de 24.


En todos os demais delitos amósase un aumento das cifras, pero non tan radical. Aos 49 rexistros do ano 2022 hai que incorporar 5 casos máis, chegando a 54 casos neste trimestre de 2023.



Gráfica 23. Comparativa delitos sexuales no 3º trimestre. Pontevedra (2022-2023)

Outubro a decembro

O último trimestre do ano 2023 mantén a tendencia alcista dos dous trimestres inmediatamente anteriores. Cabe destacar que o aumento de agresións, abusos e demais delitos na provincia de Pontevedra non é tan pronunciado como noutros meses. As agresións e abusos con penetración incrementáanse en 2 rexistros, de 17 ata 19. No caso dos demais delitos, o ano finaliza con 52 rexistros, 16 casos máis que o último trimestre do ano 2022.



Gráfica 24. Comparativa delitos sexuales no 4º trimestre. Pontevedra (2022-2023)

3.4. Análise local.

Neste punto do informe procederase ao estudo e análise das violencias sexuais que foron rexistradas no ano 2023 a nivel local. Para este último punto da análise foron seleccionadas as sete grandes cidades ou municipios de Galicia.

Delitos contra a liberdade sexual - 2023	A CO-RUÑA	VIGO	OURENSE	SANTIAGO DE COMPOSTELA	LUGO	PONTEVEDRA	FERROL	TOTAL
Agresión sexual con penetración	15	36	15	13	9	7	12	107
Resto de delitos contra a liberdade sexual	54	89	28	36	24	19	9	259


Delitos contra a liberdade sexual	A CO-RUÑA	VIGO	OURENSE	SANTIAGO DE COMPOSTELA	LUGO	PONTEVEDRA	FERROL	TOTAL
Ano 2022	58	95	51	31	24	26	20	305
Ano 2023	69	125	43	49	33	26	21	366

1. A Coruña

No municipio coruñés, en termos acumulados, pode apreciarse unha alza no rexistro de delitos sexuais no ano 2023. O incremento acumulado prodúcese aínda tendo en conta a diminución de 7 rexistros no 2º trimestre do ano, no que non houbo rexistros de agresións ou abusos sexuais.

Por outro lado, cómpre destacar, fundamentalmente, o aumento de rexistros, tanto de agresións como dos demais delitos, nos últimos dous trimestres do ano. En concreto, o aumento máis significativo ten lugar no último trimestre, co

registro de 5 agresións sexuais fronte aos 0 casos recoñecidos no ano 2022. Finalmente, o ano 2023 finaliza con 69 rexistros no municipio, en comparación aos 58 da anualidade 2022.




Gráfica 25. Delitos sexuais no municipio da Coruña (2022-2023)

2. Vigo

O municipio vigués acada o maior número de rexistros de delitos sexuais, en concreto, rexistráronse 125 casos. Os últimos rexistros de poboación sinalaban a Vigo como o municipio con maior número de poboación, cun total de 294.910 habitantes, seguido da Coruña, cun total de 247.350 (47.560 habitantes de diferenza).

A pesares da escasa diferenza de poboación entre as dúas cidades, pode apreciarse un número de rexistros de delitos sexuais moi superior no municipio de Vigo, finalizando o ano 2023 cun total de 125 casos, fronte aos 69 da Coruña. En concreto, tódolos rexistros trimestrais presentan datos con anotacións superiores ao ano 2022, a excepción dos delitos sexuais que non son considerados agresión, que se reducen lixeiramente no segundo trimestre.




Gráfica 26. Delitos sexuais no municipio de Vigo (2022-2023)

3. Ourense

O terceiro municipio con maior número de habitantes é Ourense. Os delitos de agresión e abuso sexual con penetración mantiveron unha tendencia análoga co ano 2022. Apreciáronse 2 rexistros máis pero que, en ningún caso, arrojan resultados que difiran considerablemente dos anos anteriores. Por outro lado, o resto de delitos sexuais diminúen nos rexistros a partir do segundo trimestre do ano 2023.

Polo tanto, esta rebaixa dos rexistros amosa no municipio de Ourense unha tendencia distinta e diversa da que se atopa en tres dos sete municipios obxecto de análise local.




Gráfica 27. Delitos sexuais no municipio de Ourense (2022-2023)

4. Santiago de Compostela

O concello de Santiago de Compostela finaliza o ano 2023 cun total de 49 rexistros de delitos sexuais, en comparación cos 31 casos no ano 2022.

O maior incremento de rexistros tivo lugar no 2º trimestre do ano, no cal os delitos sexuais que non comprenden agresión ou abuso case duplicaron aos do ano anterior, pasando de 10 casos no ano 2022 a 18 no ano 2023.




Gráfica 28. Delitos sexuais no municipio de Santiago de Compostela (2022-2023)

5. Lugo

O municipio de Lugo finaliza o ano 2023 con 2 casos máis de agresións sexuais con penetración e 7 casos máis dos outros delitos contra a integridade sexual. En total, este ano 2023 finaliza con 9 rexistros máis que o ano 2022, 33 casos no ano 2023 e 24 casos no ano 2022.

Nesta anualidade obsérvase un aumento de ambos os dous tipos de delitos, agresións ou abusos e tódolos demais tipos penais que atentan contra a liberdade sexual. A incidencia dos delitos varía entre os trimestres, amosando algún picos ou caídas notables: por exemplo, no resto de delitos sexuais atópase unha baixada no 2º trimestre e unha suba no seguinte trimestre.

En termos totais, o ano 2023 finaliza cun total de 33 casos, incrementando en maior proporción o resto de delitos contra a liberdade sexual.




Gráfica 29. Delitos sexuais no municipio de Lugo (2022-2023)

6. Pontevedra

No ano 2023 o municipio de Pontevedra presenta un incremento das agresión e abusos sexuais con penetración (3 casos no ano 2022 fronte a 7 casos no ano 2023).

En termos xerais, pódese apreciar unha suba dos delitos de agresión e abuso con penetración; máis en concreto, no terceiro e último trimestre do ano 2023. Por outro lado, a gráfica amosa un patrón de conduta mixto, xa que, pola contra, os demais delitos víronse diminuídos no ano 2023 (de 23 casos a 19 casos).




Gráfica 30. Delitos sexuais no municipio de Pontevedra (2022-2023)

7. Ferrol

No municipio de Ferrol, durante a anualidade 2023, o número de agresións sexuais con penetración aumentou lixeiramente (12 casos) fronte ao ano 2022 (10 casos). Os demais delitos contra a liberdade sexual diminuíron en 2023 en comparanza con 2022 (9 fronte a 10 casos).

Cómpre destacar que, no segundo trimestre, aínda que o escenario é similar en termos absolutos, pódese apreciar unha suba das agresións sexuais (0 casos no 2022 fronte a 4 casos no ano 2023). Situación inversa co resto de delitos, que diminúen dende os 4 casos no ano 2022 ata 1 único caso en 2023.



Gráfica 31. Delitos sexuais no municipio de Ferrol (2022-2023)

4. Conclusións.

A análise pormenorizada dos apartados anteriores permite obter un conxunto de datos cualitativos e estatísticos en materia de violencia sexual. A nivel xeral, pódense extraer as seguintes conclusións:

- **Delitos sexuais, en xeral:** Atópase un aumento considerable do número de delitos sexuais en Galicia nesta anualidade 2023. Ademais, o incremento prodúcese nas agresións sexuais e abusos con penetración, 46 casos máis no ano 2023, e tamén en todos os demais tipos penais, que soben 116 rexistros.
- **Variacións en función dos municipios:** As gráficas individuais dos sete municipios analizados amosan un patrón constante de crecemento dos rexistros nesta anualidade 2023. A excepción dalgún caso concreto, en termos totais, en case todos os trimestres deste ano 2023 o número de rexistros foi superior que en 2022.

- **Distribución temporal:** Previo ao ano 2023, a comparativa temporal amosaba unha maior desigualdade entre trimestres. Pola contra, neste último ano, o terceiro e o último trimestre do ano representan máis número de rexistros fronte ao período 2022 e períodos anteriores.
- **Diferencia entre os tipos penais:** Atendendo ás variables que recollen as enquisas e as estatísticas, as agresións e abusos sexuais con penetración amosan un aumento de rexistros menos pronunciado que os demais delitos contra a liberdade sexual, que experimentan unha suba máis notable.

5. Bibliografía e fontes de estudo.

<https://www.interior.gob.es/opencms/es/archivos-y-documentacion/documentacion-y-publicaciones/anuarios-y-estadisticas/>

<https://www.poderjudicial.es/cgpj/es/Temas/Estadistica-Judicial/Estadistica-por-temas/Datos-penales--civiles-y-laborales/Delitos-y-condenas/Delincuentes-Sexuales--explotacion-estadistica-del-Registro-Central-de-Delincuentes-Sexuales-/>

<https://eur-lex.europa.eu/legal-content/ES/TXT/?uri=CELEX:52022PC0105>

<https://www.un.org/es/chronicle/article/garantizar-que-las-supervivientes-la-violencia-sexual-relacionada-con-los-conflictos-se-incluyan-en>

<https://observatorioviolencia.org/>

<https://www6.poderjudicial.es/PxWeb2023v1/pxweb/es>

<https://observatorioviolencia.org/>

<https://www.europarl.europa.eu/news/>

https://www.boe.es/diario_boe/txt.php?id=BOE-A-2023-8697

[Publicaciones - Fundación Mujeres \(fundacionmujeres.es\)](#)

<https://estadisticasdecriminalidad.ses.mir.es/publico/portalestadistico/balances.html>

<https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2022-14630>

<https://www.coe.int/es/web/portal/-/lanzarote-convention-a-tool-to-fight-child-sexual-exploitation-and-sexual-abuse-worldwide>

<https://www.interior.gob.es/opencms/es/search/index.html?lq=informe&reloaded=&q=informe+delitos+sexuales&sort=score+desc&fechaInicio=&fechaFin=>

<https://www.acnur.org/es-es/que-se-entiende-por-explotacion-abuso-acoso-hostigamiento-sexuales>

<https://www.interior.gob.es/opencms/export/sites/default/.galleries/galeria-de-prensa/documentos-y-multimedia/balances-e-informes/2023/INFORME-DELITOS-CONTRA-LA-LIBERTAD-SEXUAL-2023.pdf>

https://estadisticasdecriminalidad.ses.mir.es/publico/portalestadistico/dam/jcr:b36b25ac-491b-49a6-be33-9cdcb168f0c9/01_Metodología_Balances_criminalidad.pdf